

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 18 DE MARZO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carrozaría
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en aceites de oliva e viños
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en servizos en restauración
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos
- Decreto polo que se modifican os decretos 216/2008, 218/2008, 222/2008 e 224/2008, do 25 de setembro, polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico en mecanizado, e técnico panadaría, repostaría e confeitaría, e os decretos 221/2008 e 226/2008, do 25 de setembro, polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil, e técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero
- Acordo polo que se crea a Comisión Autonómica para a visita do Papa Benedicto XVI a Galicia con motivo do Ano Santo Compostelán 2010

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Palas de Rei, para a execución da seguinte actuación en contornos urbanos: “Posta en valor e enriquecemento do Camiño de Santiago ao seu paso por Palas de Rei”, polo importe de cento trinta e catro mil cento trinta e nove euros (134.139,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre subscrito entres as extintas Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Lugo, para a construción do Centro cultural – Auditorio de Lugo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Montederramo, para a execución da obra de abastecemento e saneamento da parroquia en Ferrón e Seoane Vello, polo importe de cento seis mil euros (106.00,00 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Avión para a execución da obras: “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Avión. Concello de Avión (Ourense)”. Clave OH.332.506, polo importe de oitocentos corenta e oito mil seiscentos cincuenta e catro euros e dezaseis céntimos (848.654,16 €)

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, para execución do proxecto do centro de día - fogar residencial para atención a persoas maiores (centro xeriátrico) en Cerceda, por importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval polo importe máximo de dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 €) a *Feiraco, S.C.G.* Expediente nº AV/0590
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval polo importe máximo de cento sesenta e oito mil euros (168.000,00 €) a *Encuadernaciones y Servicios Auxiliares, S.L.* Expediente nº AV/0408

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se aproba a repartición das cantidades adicionais do Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2005-2010 para o ano 2010, así como a distribución do Fondo de Calidade do Plan de Financiamento

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para establecer, na orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións e organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da concesión

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o funcionamento das delegacións territoriais da Xunta

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre as medidas fiscais para a promoción de acceso á vivenda e dinamización do mercado inmobiliario

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a formalización do convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela para regular o réxime de libramento das transferencias de financiamento de orzamentos para o ano 2010
- Informe sobre a formalización dun convenio de colaboración entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e a Sociedade Estatal para Exposicións Internacionais, SA, para organizar a participación de Galicia na Exposición Xangai 2010
- Informe sobre a formalización de convenios de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e diversas entidades para a adecuación en toda a xeografía galega de espazos convertibles de forma temporal en albergues de peregrinos durante o Ano Santo 2010

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN HARMONIZA A ADAPTACIÓN DOS CICLOS FORMATIVOS Á LEI DAS CUALIFICACIÓNS E A FORMACIÓN PROFESIONAL**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos currículos dos ciclos de carrozaría, aceites de oliva e viños, servizos en restauración e xestión de aloxamentos turísticos*
- *A Consellería de Educación procederá tamén a modificar as adaptacións feitas polo anterior goberno, para harmonizalas coas que se están a desenvolver*
- *Con estes cambios, o Goberno actual terá adaptado 20 currículos, mentres que o equipo anterior só adaptou 6 títulos en toda a lexislatura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adaptación aos requerimentos da Lei das cualificacións e a formación profesional, e da Lei orgánica de educación (LOE) dos títulos de grao medio en técnico en carrozaría, en aceites de oliva e viños, e en servizos en restauración; así como de ciclo superior en xestión de aloxamentos turísticos. Cos novos decretos aprobados polo Consello, garántese para os estudantes deste ciclos formativos un maior grao de inserción laboral e favorécese a mobilidade cara ao bacharelato e os estudos universitarios.

Ademais, a reunión semanal do Goberno galego deu o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se modifican as adaptacións realizadas en 2008 dos ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias, en cociña e gastronomía, en mecanizado, e en panadaría, repostaría e confeitaría; e os de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil, e en laboratorio de análise e de control de calidade.

Deste xeito, a Consellería de Educación continúa co proceso de modernización da formación profesional, adaptando os currículos deste estudos ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

### **Modificación de ciclos xa adaptados**

Co fin de poñer en valor a FP, o actual Goberno adaptará 20 ciclos -11 de grao superior e 9 de grao medio-, fronte aos 6 que modernizou o anterior equipo da Consellería en catro anos de lexislatura.

A Consellería de Educación quere ademais harmonizar os ciclos adaptados polo goberno anterior, polo que presentou hoxe ao Consello da Xunta o proxecto de decreto para modificar os decretos polos que se establecían os currículos dos ciclos formativos de grao medio en emerxencias sanitarias, en cociña e gastronomía, en mecanizado, e en panadaría, repostaría e confeitaría; e os de grao superior en educación infantil, e en laboratorio de análise e de control de calidade.

Deste xeito, suprímense nos de grao medio o módulo de síntese incorporado en 2008, ampliando a duración da formación en centros de traballo, coa finalidade de potenciar as posibilidades de inserción laboral das persoas tituladas. Modifícanse tamén nestes

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

decretos aspectos que redundarán nunha mellor organización e flexibilización das ensinanzas correspondentes, en harmonía coas adaptacións que se están a realizar. No caso dos de grao superior, introdúcense algunhas modificacións no articulado, co fin de harmonizalos cos que actualmente está a elaborar a Consellería, e de que respondan ademais ao proxecto de decreto para regular a formación profesional que se está a tramitar.

Por outra banda, intégrase o actual módulo de cociña galega de vangarda do ciclo formativo de grao medio de cociña e gastronomía como unha nova unidade no módulo de produtos culinarios, que pasa agora a denominarse elaboración de produtos culinarios da gastronomía galega e novas tendencias. Deste xeito, refórzanse as competencias básicas propias desta profesión, integrando os contidos.

Ademais, a incorporación do módulo de cociña galega de vangarda a unha unidade formativa asociada ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións facilita que se poida facer o recoñecemento de experiencia laboral aos profesionais da do sector en Galicia; así como a mobilidade entre o alumnado que cursa as ensinanzas de ciclo formativo de cociña.

### **Formación no mundo laboral**

O desenvolvemento curricular propio que está a levar a cabo a Consellería de Educación, adapta estes títulos ás necesidades de cualificación dos sectores produtivos e de servizos galegos, o que favorece unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura; e forma parte do pleno exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neles quedan determinados a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional. Ademais, quedan establecidos os obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe en cada módulo, que lles deben permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Con esta mesma finalidade, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Outra das novidades desta liña é a inclusión da formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

laboral, que aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, os estudantes de grao superior poderán acceder directamente á universidade, e validar os seus estudos por créditos universitarios ECTS, co que se favorece a mobilidade cara ao bacharelato e os estudos universitarios.

## **A XUNTA AMPLIA NUN 7% O ORZAMENTO DAS AXUDAS AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN 2010, QUE CONTARÁ CON MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS**

- *A Secretaría Xeral da Igualdade substituirá o Servizo Galego de Igualdade na xestión das axudas para axilizar a súa tramitación e pagamento*
- *O actual goberno da Xunta tramitou unha ampliación do crédito destas axudas debido á insuficiente orzamentación que o goberno bipartito fixo para a convocatoria de 2009, o que xerou atrasos na súa tramitación*
- *Os atrasos aboaranse de forma inmediata e nun pagamento único*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a resolución da convocatoria de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero para o bienio 2010-2011, cun orzamento de 1.530.000 euros, un 7% máis que na convocatoria anterior.

O obxecto desta resolución é establecer as bases e convocar as axudas económicas de carácter periódico de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero establecidas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Estas axudas, coñecidas como “salario da liberdade”, concédense durante un máximo de 12 meses ás mulleres vítimas de violencia de xénero que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e carezan de recursos económicos.

O obxectivo é garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles possibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura cunha situación en que corren perigo. Por iso, a pesar da austeridade orzamental, o goberno galego aumentou a cantidade destinada a estas axudas nun 7%, xa que as políticas sociais non sufriron mingua no orzamento de 2010.

Este ano, as axudas presentan unha novidade respecto ás convocatorias anteriores: serán xestionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade, ao contrario que nos anos anteriores, en que eran xestionadas polo organismo autónomo Servizo Galego de Igualdade, o que supuña atrasos na xestión, xa que a existencia de orzamento propio nos organismos autónomos limitaba a ampliación de crédito no caso de que este se esgotase.

As prestacións periódicas a mulleres vítimas de violencia de xénero tiveron unha accidentada xestión durante os anos de goberno do bipartito. Non existiu estimación do orzamento que se ía precisar para atender as demandas das mulleres, o cal provocou considerables demoras na xestión mentres se buscaban recursos para pagar as subvencións comprometidas. No ano 2007, segundo ano de xestión desta prestación, o orzamento sufriu unha drástica redución, que obrigou a que no ano seguinte contase

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

cun orzamento moito maior para cubrir os atrasos, dun ano, das adxudicacións pendentes.

Durante 2009, o cambio de goberno provocou demoras na tramitación daquelas solicitudes realizadas despois de xuño de 2009. Este feito provocou atrasos de ata cinco meses, bastante máis reducidos que os que se produciron durante o goberno bipartito.

Para a Xunta de Galicia, o pagamento dos atrasos é prioritario, por iso, a partir deste mesmo mes de marzo, aboaranse todos e nun só pagamento. Ademais, as solicitudes desta nova convocatoria que se abrirá agora serán atendidas e resoltas en prazo, o cal redundará nunha correcta atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e necesitadas do apoio económico da administración autonómica.



## **A XUNTA CONSTITUIRÁ UNHA COMISIÓN PARA PREPARAR A VISITA DO PAPA BENEDICTO XVI**

- *Coordinará a actuación dos distintos centros directivos e entidades propias do Goberno galego que participen no evento*
- *Estará en permanente contacto e colaborará coas demais Administracións e entidades que traballan na organización da visita*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a constitución dunha comisión autonómica na que estarán representados os distintos departamentos do Goberno galego que estarán involucrados na preparación da visita do Papa Benedicto XVI a Galicia o vindeiro 6 de novembro, con motivo do Ano Xacobeo 2010.

A comisión terá como obxectivo coordinar a actuación dos distintos centros directivos e entidades propias que participen no desenvolvemento da visita. Entre as súas funcións están a de programar, impulsar, coordinar e supervisar a adecuada execución das actividades que se leven a cabo durante a visita do Pontífice a Galicia.

Ademais de coordinar aos centros propios da Xunta, a comisión terá como outro dos seus principais fins o de colaborar coas demais Administracións, entidades públicas e privadas e particulares que participen na organización da visita e que se coordinarán coa Xunta a través da comisión, á cuxa constitución deu hoxe a súa aprobación o Consello.

O obxectivo é manter o máis alto nivel de interlocución -a través dos conselleiros de Presidencia e Cultura e da Secretaría Xeral do presidente da Xunta-, co Arzobispado de Santiago, coa Administración Xeral do Estado e co Concello de Santiago de Compostela, cos que haberá unha comunicación fluída e constante a través da comisión.

Trátase de facilitar e regular as canles de comunicación para ir adoptando as medidas que, en cada caso e momento, se consideren oportunas para que todas as entidades relacionadas coa organización da visita colaboren de xeito coordinado. A existencia da comisión será temporal e extinguirase unha vez cumpridos os seus obxectivos e finalizada a visita do Papa.

### **Composición e funcións**

Serán membros permanentes da comisión os conselleiros de Presidencia e de Cultura; a secretaria xeral de Presidencia; o director xeral do Gabinete de Presidencia; a directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral; o secretario xeral de Medios; a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica; os directores xerais de Emerxencias e Interior; Orzamentos e Xuventude e Voluntariado; o director do O61; o comisario xefe da Policía Autonómica; o director da CRTVG; e o xerente da S.A. de Xestión do Xacobeo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Entre as funcións da comisión están programar e canalizar as disposicións e actuacións a desenvolver en cada paso polas consellerías e entidades implicadas; impulsar e coordinar a promulgación das disposicións e a realización das actuacións necesarias para o desenvolvemento da visita; realizar o seguimento da execución das actividades programadas; colaborar coas demais administracións e entidades que participen na organización da visita e supervisar a súa adecuada execución no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma.

## **MEDIO AMBIENTE PORÁ EN VALOR O TRAMO DO CAMIÑO DE SANTIAGO, AO SEU PASO POR PALAS DE REI, CUN INVESTIMENTO DE 536.555 EUROS**

- *As obras consistirán na mellora da pavimentación mediante chantas de pedra e lousa que se completarán cunha plantación vexetal de especies autóctonas ao longo do camiño*
- *A área total onde se levarán a cabo as obras ocupa unha superficie de 6.500 metros cadrados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Palas de Rei, situado na provincia de Lugo, para a posta en valor do tramo do Camiño de Santiago, ao seu paso polo concello de Palas de Rei. O importe total da actuación ascenderá a 536.555 euros, do que a Xunta de Galicia achega o 25% e o Ministerio de Fomento o 75% restante con cargo ao 1% Cultural.

Concretamente, procederáse á mellora da pavimentación mediante chantas de pedra e lousa e completárase cunha plantación vexetal de especies autóctonas ao longo do camiño. Ademais disto, procederáse ao saneamento das augas pluviais que discorren polo tramo. A área total onde se levarán a cabo as obras ocupa unha superficie de 6.500 metros cadrados.

Dende a Consellería de Medio Ambiente apóstase por este tipo de actuacións para que os usuarios do Camiño e os cidadáns en xeral poidan desfrutar do resultado de iniciativas como esta, xa que supoñen a recuperación do patrimonio histórico e o fomento da actividade económica da Comunidade galega.

### **Obrigas das administracións asinantes**

A Consellería de Medio Ambiente, ademais de realizar as achegas sinaladas; reservará para si o dereito de inspeccionar as obras en cada momento tanto durante a súa execución como ao seu remate.

O Concello de Palas de Rei redactará o proxecto da obra e realizará as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias; asumindo os seus custos. Posteriormente, deberá proceder aos labores de contratación e execución das obras.

Cómpre dicir que o Concello ten a obriga de render contas do gasto do diñeiro achegado por Medio Ambiente, presentando os xustificantes de gasto e as actas de recepción das obras.

### **Comisión de seguimento**

Para o correcto cumprimento do convenio formarase unha comisión de seguimento onde haberá un representante de cada unha das partes que servirá para resolver posibles controversias ou incidencias ao longo da vixencia do convenio.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO DE LUGO**

- *O convenio orixinario asinouse no 2004 entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello*
- *O conselleiro Hernández comprometeuse co alcalde de Lugo en apurar os traballos para poder licitar as obras deste recinto antes do verán de 2010*
- *O Concello de Lugo achega 1.202.024 euros ao proxecto*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá unha nova addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Lugo. O departamento que dirixe Agustín Hernández destinará máis de 13 millóns de euros ata o 2014.

Esta modificación axusta as achegas orzamentarias ao ritmo previsto de execución da obra e posibilita a súa licitación antes do verán.

### **Proxecto inicial e proxecto final**

Os cambios feitos pola Consellería de Medio Ambiente na redistribución do financiamento desta actuación débense ao cambio de lugar acordado inicialmente para construír o auditorio de Lugo. Nun primeiro momento estaba previsto no edificio do cuartel de San Fernando, un lugar que foi descartado polo informe da UNESCO, así pois optouse polo polígono da Aceña de Olga na zona de Magoi, cedido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

A finais deste mes rematarase a redacción do proxecto. Tal e como informou na reunión do pasado 8 de marzo o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, ao alcalde de Lugo, José López Orozco, apurará as tarefas pendentes para poder licitar as obras antes do verán para posteriormente iniciar os traballos.

Así mesmo, dende a Consellería de Medio Ambiente comunicouse aos membros do Concello de Lugo que os arquitectos da consellería que desenvolverán o proxecto do Auditorio se porán en contactos cos responsables do Goberno local para que coñeza de primeira man os traballos e pasos que se avanza en cada momento.

Dende o 2004 o Goberno Municipal da Cidade da Muralla vén achegando para a construción do auditorio unha cantidade que supera millón de euros (1.202.024), polo que a súa participación supón o 8% do investimento total.

### **Datos básicos do anteprojecto**

A superficie total do auditorio de Lugo ocupará arredor de 20.000 metros cadrados distribuídos en diferentes salas: unha sala principal, unha sala destinada a celebración de conferencias e concertos, así como espazos para actividades teatrais e escola de música e mediateca. Por último, haberá un lugar habilitado para usos comúns; con

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

cafetaría, gardarroupa, aseos públicos e un área de información e venda de entradas. Habará unha área para congresos e exposicións e outra dedicarase a labores administrativos.

**Antecedentes**

Dende o pasado mes de agosto de 2004, data en que o Concello de Lugo asinou un convenio de colaboración co Goberno da Xunta para a construción do Auditorio de Lugo, houbo que asinar varias addendas ao convenio, debido ao reaxuste dos prazos e das contía anuais establecidas por convenio.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINA 106.000 EUROS PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DAS PARROQUIAS DE FERRÓN E SEOANE VELLO, NO CONCELLO DE MONTEDERRAMO**

- *A Administración hidráulica de Galicia financia o 100% das actuacións, que benefician máis de 1.100 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financeira entre a Xunta de Galicia e o Concello de Montederramo para a execución das obras de saneamento e abastecemento das parroquias de Ferrón e Seoane Vello. O importe total desta actuación ascende a 106.000 euros, divididos en dúas anualidades, polo que neste ano se investirán 50.000 euros e 56.000 no vindeiro exercicio.

Este tipo de colaboración do Goberno Galego con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia. Esta entidade, dependente do departamento que dirixe Agustín Hernández, financia o 100% destas accións, que teñen como principal obxectivo sufragar e compensar a escasa capacidade financeira dos concellos.

As actuacións neste municipio ourensán teñen como obxectivo executar as obras de saneamento necesarias co fin de dotar estes núcleos rurais da rede de recolla de augas residuais. Estas canalizaranse ata un equipamento prefabricado para a depuración antes de vertelas mediante emisario ao exterior, así como para a renovación da rede de distribución de abastecemento de auga potable.

Esta obra afecta os servizos mínimos municipais, polo que estas carencias deben ser resoltas ante as necesidades expostas polos veciños e para incrementar a calidade do municipio, xa que neste momento os servizos mencionados presentan un déficit de infraestruturas

Estas actuacións que se levarán a cabo no concello ourensán de Montederramo, benefician unha poboación que ascende a máis de 1.100 habitantes de todo o municipio.

### **Características técnicas**

A Xunta tomou a decisión de actuar nos núcleos rurais de Ferrón e Seoane Vello porque carecen das adecuadas infraestruturas básicas de saneamento e a súa rede de distribución de abastecemento de auga é moi antiga, está totalmente deteriorada e presenta numerosas roturas, polo que resulta prioritaria a súa renovación. Co fin de resolver o problema e, deste xeito, mellorar a calidade de vida dos veciños afectados, executarase esta actuación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A nova rede de saneamento consistirá en preto de 1.700 metros de conducións de PVC, que canalizarán as augas residuais ata un equipamento compacto para a súa depuración, antes de vertelas mediante emisario ao exterior.

A nova EDAR será unha instalación prefabricada que permitirá o tratamento biolóxico das augas para unha determinada poboación futura. En concreto, para Ferrón prevense 50 h-e (habitantes/equivalentes) e para Seoane Vello 75 h-e. Ao mesmo tempo renovarase a rede de distribución de abastecemento de auga potable.

En conxunto instálanse 1.000 metros de conducións de abastecemento de polietileno de 50 milímetros de diámetro, que se conectarán coa rede municipal existente de tal maneira que poidan acceder a ela todas as vivendas existentes.



## **MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 850.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA DEPURADORA PARA A MELLORA DO SANEAMENTO DO CONCELO DE AVIÓN, EN OURENSE**

- *O proxecto contempla a demolición de fosas sépticas e a unificación da rede de colectores*
- *Os traballos, cuxo prazo de execución é de seis meses, beneficiarán máis de 2.600 habitantes do concello de Avión*
- *A Xunta de Galicia financia o 100% das citadas actuacións hidráulicas*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante os investimentos neste tipo de obras, pretende resolver as carencias en infraestruturas nos concellos galegos*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a colaboración técnico- financeira da Xunta de Galicia co Concello de Avión para a execución dos colectores xerais e a estación depuradora de augas residuais de Avión.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realiza un investimento de máis de 848.000 euros distribuídos en tres anualidades, dende o presente ano 2010 ata o vindeiro 2012. Este achegamento supón o financiamento do 100% da actuación.

O obxecto do acordo é a execución das obras precisas para a mellora do saneamento e depuración de varios núcleos do concello ourensán de Avión, mediante a demolición de fosas sépticas, unificando a rede de colectores e tratando as verteduras nunha estación depuradora de nova construción.

A Consellería de Medio Ambiente decidiu levar a cabo esta actuación hidráulica xa a que o Concello de Avión ten un sistema de saneamento moi deteriorado, debido basicamente á súa antigüidade. A rede de saneamento, separativa, atópase en moi mal estado de conservación, vertendo a tres fosas sépticas incapaces de cumprir os obxectivos de calidade exixidos pola Directiva 91/277 da Comunidade Europea.

### **Actuacións**

O citado proxecto contempla varias obras entre as cales cabe citar a reposición dun colector de fecais ao que se conectarán tres ramais. Ademais, na localidade de Cendóns, colocarase un colector de 720 metros, unido á rede existente, e en Beresmo, levaranse a cabo dous treitos de colectores de 166 e 272 metros en tubaxe.

Por outra parte, demoleranse as fosas sépticas que recollen as augas residuais dos veciños de Avión e dos núcleos de Beresemo, Portocarro e Cendóns e executarase un colector que transportará as augas por gravidade ata a nova estación depuradora. A nova EDAR de Avión disporá de bombeo de auga bruta e peneira de compactación. Esta infraestrutura prefabricada con aireación, prolongada para 1.250 habitantes, posúe unha arqueta de toma de mostras, un colector de vertedura e un by-pass planta. Cómpre

sinalar que o proxecto tamén inclúe a reposición de servizos e pavimentos afectados pola realización das obras hidráulicas necesarias.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante os investimentos neste tipo de obras, pretende resolver as carencias en infraestruturas nos concellos galegos, realizando especial fincapé naqueles que dispoñen duns orzamentos insuficientes. Deste xeito, proporciónanse as ferramentas necesarias para o desenvolvemento económico deste municipio, mellorando a calidade de vida dos cidadáns.

Os traballos, cuxo prazo de execución é de seis meses, beneficiarán máis de 2.600 habitantes do Concello de Avión.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA FACILITA A CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE DÍA E FOGAR RESIDENCIAL DO MUNICIPIO MINEIRO DE CERCEDA CUN CONVENIO DE 2 MILLÓNS DE EUROS**

- *O convenio asinado pola Consellería de Economía e Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras permitirá prestar un servizo de atención ás persoas maiores inexistente ata o de agora no municipio de Cerceda*
- *O centro de día e fogar residencial para atención ás persoas maiores de Cerceda estará financiado ao 100%, con 2 millóns de euros*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, en virtude do cal se financiará a construción dun centro de día, fogar residencial para a atención de persoas maiores no concello de Cerceda, na provincia da Coruña.

Con este convenio, dende a Consellería de Economía e Industria apóianse as actuacións previstas neste proxecto cun orzamento de 2 millóns de euros, que será distribuído en tres anualidades (2010-2012).

Deste xeito, a Xunta de Galicia está a desenvolver a súa política de equilibrio territorial no que atinxe ao crecemento económico e social de todas as provincias galegas. Este convenio inscríbese dentro dun programa máis amplo co que a Administración autonómica está a promover a recuperación das zonas mineiras.

O acordo, promovido pola Consellería de Economía e Industria, ten como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona tradicionalmente dedicada á minaría do carbón coa posta en marcha de infraestruturas que, como o centro de día de Cerceda, redunden nunha mellora obxectiva das condicións de vida destes municipios.

Este centro de día e fogar residencial para atención ás persoas maiores estará situado no parque empresarial de Acevedo, no termo municipal do concello de Cerceda e permitirá prestar un servizo inexistente ata o de agora. Esta construción será financiada ao 100% ao abeiro deste convenio asinado pola Consellería de Economía e Industria, por tratarse dunha infraestrutura de notable interese público e social.

Coa materialización desta iniciativa, Cerceda disporá dun centro de dous andares e cunha superficie construída de máis de 1.600 metros cadrados, con unhas 40 prazas para a atención diúrna de persoas maiores e 22 prazas de fogar residencial.

## **A XUNTA APOIA A FEIRACO PARA COMPLETAR O SEU PLAN DE VIABILIDADE MEDIANTE UN AVAL DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS**

O Consello da Xunta acordou autorizar a concesión, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dun aval polo importe de 2,1 millóns de euros que lle permitirá a Feiraco S.C.G. acadar o refinanciamento do circulante necesario para completar, nos próximos sete anos, o desenvolvemento do seu plan de viabilidade. O aval do Instituto dependente da Consellería de Economía e Industria garantirá o 70% dun préstamo bancario de 3 millóns de euros destinado ao refinanciamento dun préstamo pola mesma contía avalado no seu día polo Igape; deste xeito, a operación non só non supón un incremento do risco asumido polo Instituto con esta sociedade cooperativa senón que incorpora garantías reais suficientes.

Con 40 anos de existencia, Feiraco conta na actualidade con máis de 5.500 socios cooperativistas e un cadro de persoal integrado por máis de 200 empregados, e desenvolve actividades como a recolla, esterilización e envasado de leite de vaca; elaboración doutros produtos lácteos, algúns especialmente innovadores; elaboración de pensos compostos vexetais para a alimentación animal; e elaboración de fertilizantes; servizo de economato e supermercado para o socio; e almacén de produtos para o campo.

Para superar as dificultades que atravesaba en 2005, debido a factores como a ineficacia da xestión anterior, o alto endebedamento ou a ineficiencia dalgunhas das liñas de actividade, Feiraco impulsou un plan de viabilidade que contemplou, entre outras actuacións, as seguintes: reestruturación da débeda acumulada, reestruturación societaria, axuste do cadro de persoal, alianzas estratéxicas de compras, ampliación de capital, cesamento na actividade na liña destinada ao despezamento de carne e lanzamento de novos produtos con maior valor engadido.

Entre estes produtos innovadores por que está a apostar Feiraco cómpre salientar o seu leite acidificado de longa vida para consumidores da cultura árabe, iogur líquido de longa duración ou Unicla, o leite modificado a través da alimentación animal natural; este leite incorpora un 40% máis de graxas insaturadas e catro veces máis de Omega 3, coa vantaxe de ser biodispoñible.

A crise xeral e a propia deste sector motivou que Feiraco precisase, a comezos do pasado, financiamento de circulante a curto prazo para reequilibrar a súa tesouraría, financiamento que acadou mediante un préstamo bancario de 3 millóns de euros que contou cun aval do Igape en garantía do 70% do principal. Coa operación de aval que agora autoriza o Consello da Xunta, refinánciase esta operación para facilitar a Feiraco a conclusión da aplicación do seu plan de viabilidade nos próximos 7 anos; e faise non só sen que se incremente o risco asumido polo Igape, senón incorporando garantías reais suficientes, que non existían na operación orixinal.

## **A XUNTA FACILITA O FINANCIAMENTO DE CIRCULANTE PARA O PROXECTO EMPRENDEDOR ENCUADERNACIONES Y SERVICIOS AUXILIARES, S.L.**

O Consello da Xunta acordou autorizar a concesión, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dun aval polo importe de 168.000 euros á empresa Encuadernaciones y Servicios Auxiliares, S.L. para garantir ata o 70% dun préstamo bancario por un máximo de 240.000 euros destinado ao financiamento do circulante que esta sociedade, asentada en Begonte (Lugo), necesita.

Esta empresa constituíse contando co apoio do Igape a través do programa de emprendedores e dispón de instalacións e maquinaria competitivas para atender os seus clientes, na actividade de encadernación e acabamento industrial de todo tipo de libros e publicacións. Encuadernaciones y Servicios Auxiliares traballa para o mercado industrial das artes gráficas e editorial, e os seus clientes están tanto en Galicia como en Asturias e León, principalmente.

Cun cadro de persoal composto por 8 traballadores, a empresa comezou a obter beneficios en 2009, ao tempo que comezou a atopar dificultades para o financiamento do circulante que precisaba para manter con normalidade a súa actividade, debido ás restricións das entidades financeiras no actual contexto de crise.

O préstamo avalado polo Igape permitiralle a Encuadernaciones y Servicios Auxiliares financiar o circulante que precisa para manter a súa actividade industrial e a súa competitividade, baseada na aplicación da maquinaria automatizada de que dispón esta empresa. Ata a posta en marcha deste proxecto emprendedor en Begonte, os traballos de edición en tapa dura e cartoné viñan sendo realizados en talleres de Madrid, Barcelona ou Bilbao, por non existiren en Galicia nin nas comunidades limítrofes unhas instalacións axeitadas para eses labores.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPULSA A ADAPTACIÓN DAS UNIVERSIDADES GALEGAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**

- *O Consello da Xunta deu o visto e prace á distribución de fondos entre as tres universidades galegas, co fin de garantir que se mantén a súa excelencia*
- *Os orzamentos de 2010 incorporaron unha nova partida para que a calidade académica non se vexa afectada pola crise económica*
- *A Comisión de Financiamento do Consello Galego de Universidades está a traballar nun novo plan de financiamento que sente unha bases sólidas para o desenvolvemento do Sistema Universitario Galego*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria distribuirá fondos entre as universidades para evitar que a diminución dos ingresos non financeiros non afecte a calidade do ensino no Sistema Universitario de Galicia, nin á adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O Consello da Xunta aprobou hoxe a repartición dunha achega adicional prevista nos orzamentos de 2010, poñendo así de manifesto o compromiso do goberno galego coa calidade da ensinanza nestes tempos de crise económica.

Na actualidade a evolución do Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2005-2010 susténtase fundamentalmente na taxa de variación dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma, que diminuíu en 2010 un 11,94%, como consecuencia da crise económica. Esta situación supón unha baixada substancial nas expectativas do Plan que non permite manter a actividade universitaria, nun momento especialmente sensible coa implantación dos criterios do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Por este motivo, nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2010, o goberno galego decidiu a inclusión de diversas achegas adicionais ao Plan de Financiamento en partidas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o último ano de vixencia do Plan de Financiamento. En consecuencia, o Consello da Xunta aprobou hoxe repartir estes fondos adicionais entre as tres universidades de Galicia. Deste xeito, as achegas, de 28,2 millóns de euros, distribuiranse proporcionalmente ao que reciben as 3 universidades polo Fondo de Financiamento Incondicionado do Plan de Financiamento vixente en 2010. Ademais, haberá unha partida de 2,8 millóns de euros distribuídos entre as 3 universidades de acordo aos criterios e indicadores establecidos no exercicio 2009 para a adaptación das universidades ao EEES.

### **Bases sólidas de financiamento**

Esta iniciativa da Xunta de Galicia quere mitigar os efectos da crise sobre a mocidade galega, especialmente sobre aquel sector da poboación que está a facer o esforzo – tanto intelectual como económico- para se formar, e converter así Galicia nunha terra con todas as oportunidades de futuro abertas.

A través desta acción vaise garantir ademais que se manteña a calidade do ensino no Sistema Universitario Galego (SUG), así como as iniciativas de I+D+i necesarias para seguir acadando recoñecementos como os de Campus de Excelencia Internacional logrado este ano.

Na mesma liña, e para evitar que se repita esta situación, a Consellería de Educación, a través da Comisión de Financiamento do Consello Galego de Universidades, está a preparar un novo Plan de Financiamento 2011-2015, no cal se van establecer unhas bases en que os recursos non dependan fundamentalmente dos ingresos non financeiros. Así, a nova planificación premiará o esforzo das universidades con base en indicadores como os resultados acadados en investigación e calidade da docencia, o número de anos en que os seus estudantes tardan en rematar os seus estudos ou o número de empresas creadas.

O futuro Plan de Financiamento, que o anterior goberno non logrou sacar adiante, será elaborado en colaboración con todas as partes implicadas, e construírá unhas bases sólidas para o desenvolvemento e o éxito do Sistema Universitario Galego.

## **O CONSELLO AUTORIZA ANTICIPOS SUPERIORES AO 10 POR CENTO NAS AXUDAS PARA AS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS**

- *De conformidade coa Lei de subvencións, a autorización do Goberno Galego é precisa para facer efectivos anticipos de ata un 70 por cento dos importes*
- *Estas subvencións financiarán a xestión interna destas entidades, así como a realización de actividades de representación e de formación dos asociados*

O Consello autorizou hoxe a concesión de anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións, no momento da concesión, na orde da Consellería do Medio Rural pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Esta autorización faise de conformidade co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que establece que é precisa unha autorización do Consello da Xunta para facer efectivos anticipos de ata un 70% do importe da subvención.

A finalidade destas axudas, cuxa convocatoria se publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia, é a realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia e dos agricultores galegos en xeral.

### **Actividades subvencionables**

As actividades subvencionables ao abeiro desta convocatoria son os custos derivados de actividades que se relacionan coas funcións e actuacións que lles son propias a estas organizacións conforme a normativa; funcións ordinarias de xestión interna, así como as representacións perante as institucións.

Tamén serán obxecto de subvención a participación nos órganos colexiados, comisións e mesas sectoriais para a defensa dos intereses dos seus representantes; a formación dos asociados e familiares e, por último, o impulso do asociacionismo agrario.

### **Pagamento do anticipo**

Unha vez ditada a resolución, que se lle notificará ás entidades interesadas no prazo de dez días, estas poderán solicitar o pagamento dun anticipo de ata o 70 por cento do importe total concedido. A solicitude deste anticipo realizarase diante da Consellería do Medio Rural no prazo de quince días a partir da notificación da resolución de concesión.

A liquidación do importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas, documentación e demais xustificantes que os solicitantes deben presentar. O importe total dos fondos orzamentados para estas axudas ascende a 727.263 euros.



## **A NOVA ESTRUTURA TERRITORIAL DA XUNTA CUMPRE OS OBXECTIVOS DE EFICACIA E AXILIDADE E SUPERA AS EXPECTATIVAS CUN AFORRO DE 6 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS**

- *O conselleiro de Presidencia presentou no consello da Xunta un informe que a través da análise pretende redundar no obxectivo dunha administración máis áxil, máis eficiente e eficaz*
- *Feijóo e Rueda visitaron nas pasadas semanas as diferentes delegacións territoriais co fin de coñecer de primeira man estes retos de futuro*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou no Consello da Xunta de hoxe un informe no que se valora a nova estrutura periférica da Administración e o funcionamento das cinco delegacións territoriais tras case un ano dende a súa posta en marcha, ao tempo que marca unha serie de retos de futuro.

O obxectivo deste balance é consolidar, a través da aplicación de propostas de mellora, os obxectivos de modernización que inspiraron a proposta de racionalización impulsada no marco da administración paralela: máis axilidade, máis eficiencia e máis eficacia. Uns obxectivos que se teñen cumprido de sobra e, de feito, superáanse os aforros previstos coa nova estrutura, que superarán os seis millóns de euros no primeiro ano de funcionamento.

Así, ao aforro de máis de cinco millóns de euros derivados da eliminación dos 52 delegados provinciais -substituídos por cinco delegados territoriais-, de secretarios e de xefes de servizo; hai que sumar aforros derivados da redución do uso de vehículos dos delegados; do feito de usar eses vehículos para efectuar notificacións; da optimización dos sistemas de enerxía eléctrica; e da racionalización dos alugueres.

Ademais do aforro no gasto público, cun mantemento dos servizos e un incremento da eficiencia, entre os beneficios atopados neste primeiro ano está a garantía dunha maior profesionalización da xestión pública, ao confiar no persoal funcionario o desenvolvemento das tarefas de traballo; e o achegamento do cidadán á administración, xa que agora conta cun único interlocutor por delegación.

Cada delegación elaborou unha avaliación destes primeiros meses de funcionamento e para coñecer os resultados destes estudos, o propio presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, visitaron as delegacións territoriais nas últimas semanas. Nestas reunións, ambos mantiveron un encontro cos delegados, secretarios e xefes territoriais para poñer en común a xestión efectuada e o funcionamento do novo modelo territorial.

Entre as principais fortalezas detectadas nesta avaliación, destacan a visibilidade homoxénea da Xunta de Galicia na súa proxección, a racionalización do gasto corrente -

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

alugueres, mantemento, optimización do parque móbil; etc.-; e a distribución máis racional e xusta dos recursos no territorio, ao centralizar nun único axente -o delegado- a comunicación da valoración das necesidades cara ás diferentes consellerías. Así mesmo, a organización xerarquizada e o traballo coordinado dos delegados e os xefes territoriais fai posible que o perfil técnico destes últimos facilite a execución adecuada dos obxectivos políticos marcados polos delegados.

Pola súa banda, a análise das delegacións territoriais fai unha proposta de melloras para redundar no seu funcionamento de cara a un futuro. Neste sentido, recóllese a necesidade de seguir afondando no impulso da e-Administración e a consecuente simplificación de procedementos -proceso xa iniciado pola Xunta de Galicia-; continuar adoptando medidas que contribúan ao aforro en gasto corrente ou elaborar un decálogo de necesidades dos concellos que integran os seus respectivos ámbitos territoriais, co obxectivo de facilitar a priorización de proxectos.

## **A SEGUNDA BAIXADA DE IMPOSTOS DA XUNTA BENEFICIARÁ DIRECTAMENTE A 90.000 GALEGOS E REVITALIZARÁ OS SECTORES VINCULADOS Á VIVENDA**

- *A primeira rebaixa a mozos e familias numerosas foi acollida con éxito no mercado e incrementou un 10% as adquisicións de vivendas por parte destes colectivos*
- *As cinco novas medidas tamén fomentarán o emprego entre os 37.000 desempregados rexistrados no sector da construción*
- *O Consello da Xunta aprobará estas actuacións en maio, estarán en vigor ata finais de 2011 e poderán prorrogarse*
- *O Goberno galego renuncia a equiparar a fiscalidade do ITP ao incremento do IVE que aplicará o Goberno central*

A segunda rebaixa de impostos que levará a cabo a Xunta de Galicia beneficiará de maneira directa a máis de 90.000 galegos e permitirá revitalizar os sectores vinculados á vivenda, segundo un informe da conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, avaliado hoxe polo Consello.

Ademais, no documento constátase que, cinco meses despois da primeira baixada de impostos posta en marcha polo actual Executivo galego, relativa á rebaixa á metade do imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) e do imposto de transmisións patrimoniais (ITP) a menores de 36 anos e familias numerosas, esta foi ben acollida polo mercado.

Así, fronte á caída inmobiliaria xeral os pasados meses de novembro e decembro, a adquisición de vivendas por parte dos colectivos favorecidos pola rebaixa fiscal se incrementou un 10%.

Agora o Goberno galego, consciente de que a crise económica provoca unha caída da demanda e dificulta o acceso ao crédito, toma a decisión política de inxectar liquidez e restaurar a confianza dos consumidores.

A Xunta estima en 9,2 millóns de euros anuais a rebaixa total que provocará as catro medidas de rebaixa fiscal anunciadas polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, no debate do estado da Autonomía. A isto hai que engadir que o Executivo autonómico renunciará á adaptación do imposto de transmisións patrimoniais (o que grava as vivendas usadas) á suba do IVE impulsada polo Goberno central para as novas.

### **Novas medidas**

O Executivo autonómico rebaxará entre un 30 y un 25% o imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) para adquisición de primeira vivenda (do 0,75 ao 0,5%) e da segunda (do 1 ao 0,75%), cun impacto de algo máis de 2,7 millóns de euros anuais. Esta medida pretende corrixir, polo menos parcialmente, o desequilibrio fiscal entre a vivenda nova e a usada que vai provocar a suba do IVE do 7 ao 8%.

Ademais, diminuirá na mesma proporción o IAXD para a formalización do préstamo para a formalización das hipotecas que financien estas compras, cunha estimación de aforro de 3,8 millóns de euros cada exercicio. Como complemento da actuación anterior esta facilita o acceso á vivenda e ao crédito para o seu financiamento xa que diminúe o desembolso a realizar a curto prazo e, ao mesmo tempo, serve de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario.

Outras das medidas de alivio fiscal impulsadas polo Executivo galego é unha baixada dun 15% (do 7 ao 6%) para compra de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma. O custo desta actuación será de 2 millóns de euros anuais. Neste caso os obxectivos son servir como medida desincentivadora da fraude fiscal no IVE correspondente ás obras de rehabilitación, xa que a aplicación do tipo reducido do 6% se vinculará á presentación das correspondentes facturas; contribuír a que non siga aumentando o stock de vivendas dispoñibles coa construción de novas vivendas, así como contribuír a fomentar o emprego neste sector, no cal constan 37.000 parados rexistrados.

Ademais, a Xunta eximirá do pagamento do IAXD ás operacións de constitución de hipoteca para cancelación doutro préstamo que fose destinado á adquisición de vivenda para que non teñan custo fiscal, igual que ocorre coas operacións de subrogación. O impacto fiscal estimado é de pouco máis de 800.000 euros cada exercicio.

Estas medidas terán unha vixencia temporal ata o 31 de decembro de 2011, pero poderán ser prorrogables. A previsión é que o Consello da Xunta aprrobe estas modificacións en maio e entrará en vigor cando finalice a súa tramitación parlamentaria.

## **CULTURA E TURISMO DESTINA 4,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- *A través da subscrición deste convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela mellórase o procedemento de pagamento e régúlese o financiamento da entidade*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta acerca do convenio de colaboración polo que a Consellería de Cultura e Turismo entregará 4.500.000 euros ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela para financiar parcialmente a súa actividade con carácter diferenciado durante o ano 2010.

A través da subscrición deste convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela mellórase o procedemento de pagamento e régúlese as operacións de transferencia de financiamento entre ambas as entidades.

Esta entidade, vinculada á Administración da Comunidade Autónoma, ten nos seus obxectivos a preservación e revitalización do patrimonio cultural representado pola cidade de Santiago de Compostela, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos; a difusión dos valores europeístas e o desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vinculadas ao itinerario xacobeo.

O Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo composta por administracións do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.

## **A XUNTA E A SOCIEDADE ESTATAL PARA EXPOSICIÓNS INTERNACIONAIS ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ORGANIZAR A PARTICIPACIÓN DE GALICIA NA EXPOSICIÓN UNIVERSAL DE XANGHAI**

- *O convenio establece a participación da Comunidade de Galicia no Pavillón de España e no seu programa de actividades deseñado para Expo XANGHAI 2010*
- *O acordo contempla a organización da Semana de Galicia entre os días 17 e 23 de maio, coa celebración do Día de Honra de Galicia o próximo 20 de maio*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta sobre o convenio para regular o réxime de colaboración entre o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e a Sociedade Estatal para Exposicións Internacionais S.A. (S.E.E.I.) na Exposición Universal de Xanghai 2010. O convenio aprobado establece e canaliza a participación e presenza de Galicia no Pavillón de España e no seu programa de actividades en Expo XANGHAI 2010.

Este convenio acorda tamén a organización da Semana de Galicia entre os días 17 e 23 de maio do ano 2010, coa celebración do Día de Honra de Galicia o 20 de maio. Así, nestas datas, a Comunidade de Galicia poderá utilizar as instalacións do Pavillón de España, a Sala Polivalente e a Praza de Europa –tamén dentro do recinto expositivo- de acordo co programa e dispoñibilidade que a S.E.E.I. determine a fin de realizar actividades de promoción da cultura, do turismo e da industria galega.

A Comunidade Autónoma de Galicia programará diversas actividades que inclúen, entre as iniciativas xa confirmadas, as actuacións de Budiño, Nova Galega de Danza e Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense; animacións exteriores; unha xornada divulgativa sobre loxística; presentación da Guía de Santiago e Galicia traducida para o chinés; o desenvolvemento dun programa gastronómico coa presenza do cociñeiro Pepe Solla e unha presentación da oferta turística da Comunidade.

No acordo entre a Xunta de Galicia e a S.E.E.I. poténciase a presenza de Galicia no que suporá a maior exposición universal celebrada nunca en números absolutos de visitantes e expositores. Coa asistencia de Galicia a Xanghai trátase de acadar unha maior visibilidade de Galicia en China, fomentando a nosa imaxe como destino turístico cunha singularidade cultural única, como de incentivar as relacións comerciais e servir de apoio promocional ás empresas galegas presentes no mercado chinés no que representa unha iniciativa turístico-empresarial de gran interese.

## **A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA HABILITAR 32 ALBERGUES TEMPORAIS PARA PEREGRINOS NO ANO SANTO**

- *A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo destinará un total de 1.380.000 euros para adecuar espazos axeitados en todo o territorio galego ás necesidades dos peregrinos a través de convenios de colaboración con concellos, entidades relixiosas e outras institucións.*
- *Os 32 acordos pechados ata o momento permitirán incrementar en 3.980 prazas a capacidade de aloxamento na rede de albergues do Xacobeo durante 2010.*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe ao Consello da Xunta sobre a formalización de convenios de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e diversas entidades para a adecuación en todo o territorio galego de espazos convertibles de forma temporal en albergues de peregrinos durante o Ano Santo 2010. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, está a traballar en colaboración cos concellos, entidades relixiosas e outras institucións na instalación destes albergues temporais nos puntos dos Camiños de Santiago onde se prevé que se poida rexistrar unha maior demanda de prazas.

Os 32 convenios formalizados ata o de agora, cos seus respectivos proxectos de albergue, permitirán incrementar en 3.980 prazas as 3.000 ofertadas na actualidade. Esta actuación posibilitará ofertar no período de máxima afluencia de camiñantes preto de 7.000 prazas con todas as garantías de aloxamento aos peregrinos. Con este obxectivo prioritario, a Consellería de Cultura e Turismo aprobou unha partida orzamentaria de 1.389.400 euros para o financiamento dos 32 convenios. Esta liña de traballo permanece aberta á colaboración con outros concellos e entidades cara a adecuar de forma axeitada a demanda dos peregrinos coa oferta de aloxamento da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A Xunta de Galicia pretende complementar a rede de albergues da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e ofrecer uns servizos adecuados ás necesidades actuais dos peregrinos que se acheguen Galicia neste Ano Santo 2010. A sinatura dos convenios permitirá mellorar o servizo aos cidadáns, incrementando as posibilidades de aloxamento, e contribuirá á promoción turística do Camiño de Santiago así como á difusión da súa historia e o seu patrimonio artístico.

Na listaxe dos 32 acordos inclúense 26 concellos da Comunidade e 6 entidades colaboradoras. Os concellos que posuirán un albergue temporal para peregrinos ao longo de 2010 serán Pedrafita do Cebreiro, Palas de Rei, Abegondo, Pontedeume, Ribadeo, Barreiros, Abadín, Boimorto, A Guarda, Tui, Portas, Caldas de Reis, Riós, A Gudiña, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Melide, Arzúa, O Pino, Silleda, Xunqueira de Ambía e Redondela.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

A Fundación M<sup>a</sup> Seoane Colmeiro, o Inorde, a Comunidade de Santa María de Sobrado dos Monxes, *Confraternity of Saint James* (Ferrol), a Comunidade de Mercedarios de Sarria e a Fundación Camiño de Santiago son as seis entidades que cederán espazos para a habilitación dos albergues temporais.

ESPAZO	LUGAR	CAMIÑO
Pavillón polideportivo na rúa Cervantes	Pedrafita do Cebreiro	Francés
Almacén municipal	Palas de Rei	Francés / Primitivo
Centro Social Campo da Saleta	Abegondo	Inglés
Almacéns de Raxoi	Pontedeume	Inglés
Escola rural de Vilela	Ribadeo	Do Norte
Refuxo de Goldán	Barreiros	Do Norte
Pavillón municipal	Abadín	Do Norte
Telleira de Buica	Boimorto	Do Norte
Antiga escola de Sinde	A Guarda	Portugués
Edificio municipal do do antigo convento de San Domingos	Tui	Portugués
Pavillón municipal	Portas	Portugués
Local de Campo da Torre I	Caldas de Reis	Portugués
Centro de interpretación da castaña	Riós	Vía da Prata
Espazo antigas escolas	A Gudiña	Vía da Prata
Pavillón do colexio do concello	Triacastela	Vía da Prata / Francés
Espazo cuberto praza pública	Samos	Vía da Prata / Francés
Pavillón do instituto	Sarria	Francés
Pavillón do concello	Paradela	Francés
Pavillón na praza do concello	Portomarín	Francés
Albergue na parroquia do Ligonde	Monterroso	Francés
Pazo de Congressos	Melide	Francés / Primitivo
Pavillón do Viso	Arzúa	Francés
Casa da Cultura	O Pino	Francés
Pavillón municipal de Bandeira	Silleda	Vía da Prata
Albergue en A Abeleda	Xunqueira de Ambía	Vía da Prata
Pavillón municipal	Redondela	Portugués
Residencia-internado colexio M <sup>a</sup> Inmaculada	Fundación M <sup>a</sup> Seoane Colmeiro (Silleda)	Vía da Prata
Estación ferrocarril Campobeceros, Vilarbarrio e Vilavella	Inorde (Ourense)	Vía da Prata
IES Xunqueira I, Pavillón Campolongo, e Igrexa do Burgo	Fundación Camiño de Santiago	Vía da Prata
Claustro Mosteiro de Sobrado	Comunidade de Santa María de Sobrado dos Monxes	Do Norte
Mosteiro da Magdalena	Comunidade de Mercedarios de Sarria	Francés
Casa reitoral parroquia Miraz	<i>Confraternity of Saint James</i> (Ferrol)	Inglés